

CURRICULUM SIMPLE

Manuel Dios Diz é mestre, licenciado en Xeografía e Historia, doutorando en Estudos Contemporáneos pola Universidade de Santiago de Compostela, fundador e presidente do *Seminario Galego de Educación para a Paz (1985-2008)*, profesor con destino definitivo no IES de Cacheiras (Teo), na actualidade traballando en Comisión de Servizos no SGEP.

Está casado e ten unha filla.

É autor de numerosas **Unidades Didácticas** dirixidas ó profesorado (*Declara-la paz, reclama-los nosos dereitos; Educar para a Paz, globalmente; Sobre a violencia nos medios de comunicación: unha educación necesaria; Educar nos afectos, frear a violencia...*), de **Libros** (*Cine para convivir*; en colaboración en *Acción tutorial, transversalidade e resolución de conflitos; ou En son de Paz*), de numerosos **Artigos** en revistas profesionais e en prensa, e director de **Documentais** como “*En son de Paz*” (2005).

Membro do Comité Asesor Internacional do *Chamamento pola Paz da Haia* (Hague Appeal for Peace), da *Asociación Internacional de Educación para a Paz* (Teachers for Peace), da rede internacional *Transcend*, da *Asociación AIPAZ*, rede de centros de investigación para a paz do estado español, así como da **Fundación Cultura de Paz** que preside D. Federico Mayor Zaragoza.

Manuel Dios Diz recibiu o *Premio á promoción de condutas tolerantes* da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola súa experiencia “*Educar para a Paz, globalmente*” (2002). Imparte numerosos cursos de formación do profesorado en servizo, en Galicia, no Estado e a nivel internacional.

En Galicia colabora habitualmente cos CEFORES (Centros de Formación e Recursos) e dentro do Plan Anual de Formación do Profesorado da Consellería de Educación sobre distintos aspectos como son: *A educación para a Paz, recursos e dinámicas de aula; Cine para convivir, Cine e historia; Transversalidade, Educación afectivo-emocional, Educación para a convivencia, Plan Galego de Convivencia Escolar; Cultura de Paz...*

Entre os anos 70 e 90 tivo un papel moi destacado na constitución e desenvolvemento do sindicalismo nacionalista galego, na universidade, no ensino e no movemento obreiro, formando parte das executivas do ensino e confederais da CXTG, da Intersindical Galega e da CIG, ata o ano de 1994 en que decidiu dedicarse plenamente á súa profesión de educador.

Foi membro do Consello Escolar do Estado durante dúas lexislaturas e do Consello Escolar de Galicia en representación do profesorado galego.

Participou activamente no movemento sindical educativo a nivel internacional durante os anos '80, representando ó sindicalismo galego na Federación Internacional de Sindicatos do Ensino (FISE), no Congreso Sindical Mundial da FSM en Berlín e na constitución oficial da Internacional da Educación (IE) en Estocolmo.

Máis recentemente, foi Vicepresidente da Conferencia Mundial para a Paz, a Solidariedade e o Desenvolvemento, que co auspicio da ONU e da UNESCO, patrocinou a Xunta de Galicia no ano 2005 e presidiu, no marco da citada Conferencia, o Congreso Mundial de Educación e Cultura de Paz que tivo lugar no mes de maio de 2005 en Compostela coa presenza de varios premios nobel da paz.

Na actualidade é tamén Director da *Fundación Cultura de Paz* en Galicia e membro do Consello Internacional do Foro Mundial de Educación (FME) que forma parte do Foro Social Mundial (FSM).

Manuel Dios Diz, recibiu o Premio “*Hagamos las paces*” concedido polo *Instituto Internacional per la Pau* da Generalitat de Cataluña polo seu Documental “*En son de Paz*” no marco do III Festival Internacional de Cine y Derechos Humanos(2005) e foi tamén finalista dos Premios Mestre Mateo ó mellor documental galego dese mesmo ano.

Representou á Fundación Cultura de Paz no Foro Mundial de Educación (FME) de Caracas 2006 e no Foro Social Mundial (FSM) dese mesmo ano na capital venezolana.

Manuel Dios participou de maneira moi activa na redacción do *Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar de Galicia*, así como no deseño do *Observatorio Galego da Convivencia Escolar de Galicia*, aprobados pola Consellería de Educación, e firmante do Acordo Interinstitucional para o seu desenvolvemento en representación do *Seminario Galego de Educación para a Paz* (Fundación Cultura de Paz) que foi presentado oficialmente polo Presidente da Xunta, D. Emilio Pérez Touriño o 30 de Xaneiro de 2007, Día Escolar pola Paz.

Coordinou o Ciclo de Diálogos pola Paz durante o curso 2007/2008, celebrados en Compostela e A Coruña, entre Novembro e Xuño, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia e a USC, sobre o proceso de paz no País Vasco, coa participación de destacadísimas personalidades de ámbito nacional e internacional. E neste ano, nos Diálogos Altermundialistas, entre os meses de Outubro e Maio, en Santiago e Vigo.

É coautor da ferramenta didáctica da serie documental e para televisión titulada “*Linatakalam*” (Falemos) producida por IBISA TV.

Dirixiu a realización dun novo Documental titulado “*Cultura de Paz*” con Ficción Producciones en 2007 que foi presentado oficialmente o pasado mes de Decembro.

Desde o pasado 30 de Xaneiro, é membro do Observatorio Galego da Convivencia Escolar no cupo de personalidades de recoñecido prestixio proposto pola Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.